




15-26

noviembre

PALACIO DE SANTA BÁRBARA

MADRID





TIENDA POP UP.



galicia



SABERES Y SABORES




A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, organiza en colaboración con outras institucións o evento POP UP GALICIA. SABERES E SABORES no Palacio de Santa Bárbara en Madrid do mércores 15 ao domingo 26 de novembro.

www.palaciodesantabarbara.com



Os obxectivos xerais do evento:

1. Ofrecer unha imaxe coidada de Artesanía de Galicia e os nosos artesáns unida produtores de alimentación co obxectivo de crear un espazo de calidade de GALICIA e o produto galego e unha suma de esforzos de cara aos visitantes.
2. Será un evento de venda directa dirixida ao público en xeral e con accións concretas dirixidas a posibles prescriptores de artesanía, alimentación, cociñeiros e prensa especializada.
3. Co fin de crear un programa que complemente o evento levaranse a cabo diferentes accións promocionais como presentación de produto, promocións turísticas, catas, showcookings con cociñeiros galegos, accións dirixidas ao público especializado e tamén aos máis cativos.



O Palacio de Santa Bárbara, de máis de 300 metros cadrados, está dividido en varios espazos:

- A Fundación disporá dun espazo de promoción e venda de Artesanía de Galicia.
- A Fundación ofrecerá aos obradoiros seleccionados (terán prioridade na selección) e as empresas de produtos alimentarios un coidado marco expositivo para que presenten os seus produtos destinados á venda directa. No arquivo que se achega poden consultar o espazo que terán disponibles.
- Os expositores disporán dunha sala conxunta de almacén.
- No espazo exterior do Palacio se disporá do espazo PULPOPUP. TABERNA GALEGA
- Os expositores seleccionados comprometeranse a cumprir integramente o horario establecido nas xornadas, de luns a xoves de 12.30h a 21.30h e de venres a domingo de 12.30h a 23.00 h, e a manter en todo momento unha imaxe do seu espazo acorde coa imaxe xeral do evento.
- Os interesados en acudir a este evento cun espazo propio teñen tres quendas posibles para facelo:

Do 15 ao 20 de novembro (6 días) Coste: 300 euros + IVE

Do 21 ao 26 de novembro (6 días). Coste: 300 euros + IVE

Do 15 ao 26 de novembro (12 días). Coste: 500 euros + IVE

Dende a Fundación solicitamos aos interesados en participar neste proxecto deben remitir a solicitude anexa asinada á Fundación ao correo electrónico centro.artesania@xunta.es antes do 29 de outubro de 2017.

A Fundación seleccionará os participantes baseándose en criterios de calidade, manexando o equilibrio entre concepto, estética e funcionalidade.

Para os obradoiros artesanais as condicións de participación son as seguintes:

- Poderán participar os obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e que contén co uso da marca.
- O expositor limitarase ao espazo facilitado pola organización. No caso de pezas de gran volumen, o expositor deberá solicitar permiso por adiantado á organización, indicándoo na solicitude de participación
- Os expositores deberán aportar e ter visible en todo momento a cartela identificativa oficial da marca Artesanía de Galicia co seu nome e número de obradoiro.

Máis información nos teléfonos: **616004083 / 881999174**





MOBILIARIO DO STAND


mesa: 180 × 80 × 90 cm

piñeiro alistonado

caixón: 40 × 40 × 20 cm piñeiro alistonado

cesta: 47 × 38 × 28 cm

Os stands de téxtiles levarán un burro de 150 cm de ancho
× 170 de alto cunha barra a 120 cm.



1 caixa de 40 × 60 × 30 cm

2 caixas de 40 × 30 × 30 cm

2 caixas de 40 × 30 × 6 cm



Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño

Área Central L25 MN
Santiago de Compostela, 15707
artesianiadegalicia.xunta.gal

promocion.artesania@xunta.gal
centro.artesania@xunta.gal
Tel. + 34 881 999 171

 fcgadpage  @fun_artesania  artesania_de_galicia



